



CURSO 2004/2005
CONVOCATORIA DE TRABALLOS ACADÉMICAMENTE
DIRIXIDOS

Os planos de estudo das titulacións impartidas na Escola Politécnica Superior inclúen a posibilidade de realización de Traballos Académicamente Dirixidos (TAD), cunha equivalencia de ata 4,5 créditos para tódalas titulacións.

A normativa de realización destes traballos foi aprobada por acordo do Consello de Goberno de 3 de xuño de 1996 e desenvolvida pola Comisión de Docencia da Escola Politécnica Superior. Co obxecto de realizar unha convocatoria conxunta para o alumnado do Centro establécese un prazo, **ata o 20 de xuño**, para a presentación de solicitudes por parte dos departamentos.

Esta convocatoria inclúe unicamente os TAD que se imputarán a créditos de libre configuración.

Os departamentos enviarán ó Centro as propostas presentadas que incluirán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación do traballo
- Os aspectos xerais e máis relevantes da liña de traballo ou investigación
- Obxectivos formativos e contidos concretos do traballo a realizar polo/a estudante. Indicarase de forma explícita o material e métodos que vai utilizar o/a estudante, así como o lugar de realización
- Número de prazas máximas ofertadas
- Requisitos académicos esixidos e titulación para a que se oferta
- Profesorado que dirixirá o traballo
- Criterios de selección
- Prazo de realización e datas de presentación e defensa do traballo, que deberán coincidir con calquera das convocatorias oficiais de exames
- Número de créditos validables

As propostas presentadas por profesores de distintos departamentos deberán ser aprobadas polos consellos dos departamentos respectivos.

Profesorado da Escola Politécnica Superior

Departamentos con docencia na Escola Politécnica Superior



A Comisión de Docencia confeccionará, coas propostas presentadas, a oferta global da EPS, e poderá rexeitar aquelas que non cumpran a normativa correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes polo estudantado abranguerá **do 25 de xuño ó 15 de xullo**.

Os/as estudantes serán seleccionados/as para a realización do TAD antes do 6 de setembro e formalizarán a súa matrícula nos prazos fixados pola convocatoria ordinaria de matrícula na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo.

Os/as estudantes que realicen o traballo deberán presentar no Centro tres copias cunha Memoria, co visto e prace do profesorado que dirixiu o TAD, que recolla o traballo realizado, aludindo a todos ou algún dos seguintes aspectos, segundo o caso:

- Revisión bibliográfica e antecedentes
- Obxectivos e problemas que se deben resolver coa investigación
- Metodoloxía, facendo especial mención ás técnicas nas que se formou
- Toma de datos e análise dos mesmos
- Conclusións

Para a presentación do TAD os/as estudantes disporán de dúas convocatorias, no mesmo réxime que as materias ordinarias.

O tribunal de avaliación, nomeado polo director do Centro a proposta do departamento, estará composto por tres profesores/as pertencentes ós departamentos vinculados ó TAD, e un deles poderá ser un dos directores do TAD.

Os Traballos Académicamente Dirixidos serán cualificados consonte ás normas establecidas para calquera materia do Centro.

Lugo, 27 de maio de 2004

A secretaria

Teresa Rodríguez López

Profesorado da Escola Politécnica Superior

Departamentos con docencia na Escola Politécnica Superior